

Estimado compañeiro/a:

Manuel de la Iglesia Pérez, Jorge Salgado Cortizas e Pedro Taboada de Zúñiga Campos, presentamos a nosa candidatura á Xunta Directiva da Delegación na Coruña do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, cos seguintes obxectivos que tentan de dar resposta a estas dúas necesidades:

O territorio

O motivo principal da nosa candidatura xurde da responsabilidade que temos como colectivo ante a sociedade e o territorio. Detectamos que, nos últimos tempos, os procesos de destrución do territorio estanse a acelerar dunha maneira grave, se cadra irreversible, poñendo en perigo o equilibrio resultante da relación home-terra, desfigurando o patrimonio cultural herdado cunha planificación incapaz de soportar ás presións especulativas, onde a falla de diálogo entre valores globais e locais impiden regular estes procesos con criterios de sustentabilidade.

Detectamos que estes procesos destrutivos adquiren especial intensidade nas áreas máis sensíbeis do noso país.

Está o territorio capacitado para acoller estes novos usos e as novas escalas da súa implantación?

Temos as ferramentas precisas para responder a estas demandas?

Temos infraestruturas suficientes para dar-las servizos ós que todo cidadán ten dereito a exigir do seu concello?

As respostas a estas e outras moitas preguntas só poden vir da man dunha xestión áxil e transparente do territorio en todas as escalas da administración, e nas que o Colexio de Arquitectos ten a responsabilidade ante a sociedade de se implicar para evitar que esta situación desemboque nunha catástrofe medioambiental xa denunciada noutras partes do territorio peninsular.

O servizo ó colexiado

Outro motivo da presentación desta candidatura está fundamentado no apoio ao colexiado, acadado a través da continuidade, a potenciación e a creación dos seguintes servizos:

- Continuidade das actividades emprendidas polo actual equipo directivo (exposicións, debates, cursos, publicacións...)
- Remate dos traballos pendentes necesarios para a consolidación do equipamento da sede e a súa total adecuación ás necesidades dos colexiados.

- Potenciación do apoio do colexio ao traballo profesional dos arquitectos.
- Reforzo mediante convenios de colaboración, da presenza do arquitecto nas institucións.
- Apoio e seguimento das comisións de cultura e de asuntos tecnolóxicos.
- Xeneralización do visado dixital, tratando de acadar mediante convenios de colaboración a licenza dixital nos concellos da área metropolitana.
- Recuperación e posta en funcionamento da comisión de urbanismo creando equipas destinadas a facer alegacións nas distintas fases de tramitación do planeamento, asesorando a través de convenios ós concellos que o soliciten.
- Creación da comisión de vivenda. Seguimento, investigación e proposta de modelos axeitados ó medio.
- Organización de seminarios para a introdución nas actividades profesionais dos xoves arquitectos, e habilitación na delegación de espazos equipados para o desenvolvemento puntual da súa actividade profesional.
- Impulso da dimensión social da delegación dando soporte e asesoramento ás iniciativas cidadáns.

Para levar a cabo estes traballos é preciso que exista unha boa coordinación e colaboración entre as distintas delegacións e a sede, facendo destes temas os obxectivos comúns, co fin de acadar unha mellora na calidade da arquitectura, e un recoñecemento social do traballo do arquitecto.

Se ti pensas do mesmo xeito, participa e dánolo teu voto.

Un saúdo